



## Concello de Vilalba

Decreto de S. S<sup>a</sup> a alcaldesa, dona Elba Veleiro Fernández

Expediente núm. 2390/2021

**Asunto: Sometemento CONSULTA PÚBLICA da elaboración da Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público e espazos privados de uso público por terrazas de hostalería con fins non festivos no Concello de Vilalba.**

Vista a providencia inicial da alcaldía para a elaboración da Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público e espazos privados de uso público por terrazas de hostalería con fins non festivos no Concello de Vilalba.

Visto o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público e espazos privados de uso público por terrazas de hostalería con fins non festivos no Concello de Vilalba.

Visto que, con carácter previo á elaboración deste regulamento, recabarase a opinión dos suxeitos e das organizacións e/ou asociacións máis representativas potencialmente afectados/as pola futura norma acerca de:

- a) *Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) *A necesidade e a oportunidade da súa aprobación.*
- c) *Os obxectivos da norma.*
- d) *As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.*

En virtude das atribucións que me confire o art. 21.1 da Lei 7/85, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade coa lexislación que se cita anteriormente,

RESOLVO:

**Primeiro:** Someter a consulta pública, durante un prazo de 10 días (dez días), a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio na web municipal, a elaboración da Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público e espazos privados de uso público por terrazas de hostalería con fins non festivos no Concello de Vilalba, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que o consideren oportuno, a través de <https://consulta.vilalba.gal/>, poidan achegar as súas opinións acerca dos seguintes aspectos:

- a) *Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*

*Dar resposta á cidadanía coa instalacións das terrazas, como alternativa de ocio moi*

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 5TW6ALQZ4LJUN6E4SLN9DD54P | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 1 de 2



## Concello de Vilalba

---

*demandada e como preferencia das persoas de realizar as súas actividades de lecer ó aire libre, ó tempo que estas instalacións proxectan unha imaxe acolledora da vila e contribúen ó seu desenvolvemento económico, tendo en conta que, con motivo da pandemia da COVID-19, o sector da hostelería sufriu importantes consecuencias económicas coa paralización da actividade e coa redución dos aforos*

*b) A necesidade e a oportunidade da súa aprobación.*

*Na actualidade, e no momento que se está a vivir, preséntase a necesidade de ofrecer ós titulares destas instalacións un marco normativa máis amplo, con maiores posibilidades e modalidades de desenvolvemento da súa actividade que permita dar unha resposta máis adaptada ó ritmo dos acontecementos.*

*c) Os obxectivos da norma.*

*Regular o réxime de autorización ou licenza para a instalación de terrazas ó aire libre e na vía pública, anexas ós establecementos de hostalería abertos ó público.*

*d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.*

*A solución que se plantexa é a que se recolle na regulación normativa a través desta ordenanza reguladora, que se complementará co Plan de Mobilidade sustentable e eficiente que este Concello está a elaborar, no marco da estratexia da CE para unha economía próspera, moderna, competitiva e neutra dende o punto de vista do clima dende os nosos días e ata o ano 2050.*

**Segundo:** Publicar a presente consulta na web municipal e no Portal de Transparencia.

**Terceiro:** Dar traslado da presente resolución ó Pleno e a Xunta de Goberno Local, na seguinte sesión que celebren, así como ós servizos responsables da súa tramitación.

Mando e asíno S. S<sup>a</sup> a alcaldesa, do que eu secretaria, Ana M<sup>a</sup> Rubiera Álvarez, dou fe.

---

**Concello de Vilalba**

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 5TWEALQZ4LJUN6E4SLN9DD54P | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 2 de 2